



Concello de Boiro

ANUNCIO

RELACIÓN DEFINITIVO DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECTIVO DE SOCORRISTAS ACUÁTICOS EN ESPAZOS NATURAIS

A continuación se transcribe Resolución de Alcaldía de data de 30/06/2021:

“Por Resolución de Alcaldía de data de 07/06/2021, procedeuse á aprobación das bases que rexerán a convocatoria do proceso selectivo para a confección dunha listaxe para a cobertura laboral temporal de socorristas acuáticos en espazos naturais.

O anuncio das bases e convocatoria deste proceso selectivo foi publicado no BOP da Coruña o 10/06/2021.

O 22/06/2021 publicouse anuncio co listado inicial de admitidos e excluídos, rematando o prazo de alegacións o 29/06/2021.

Figuran presentadas alegacións ó listado inicial de admitidos e excluídos polos candidatos Francisco Ramón G* e Alberto Coll* a efectos de subsanar os motivos da súa exclusión e acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos na base 6ª das que rexen esta convocatoria.

Logo de revisadas estas alegacións presentadas e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen esta convocatoria, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas,

Visto canto antecede, **RESOLVO:**

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas por Francisco Ramón González Pérez e Alberto Collazo Martínez, por ter subsanados en tempo e forma os defectos que motivaron a súa exclusión.

Segundo.- Declarar definitivamente admitidas na oposición convocada por Resolución de Alcaldía de data 07/06/2021, que rexe o procedemento do proceso selectivo de socorristas acuáticos en espazos naturais, ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada na base 6ª das que rexen este proceso selectivo:

Nº	NOME	DNI
1	ALBERTO COLL*	788007
2	ALBERTO MANUEL J*	45872
3	BERNARDINO SI*	78800
4	ELENA TE*	53484
5	FRANCISCO RAMÓN G*	52937





Concello de Boiro

6	IVAN B*	53488
7	ROMÁN CA*	53487
8	SAINZA O*	44835
9	VICTOR DIEGO G*	53485
10	YAIZA C*	78810

Terceiro.- Declarar definitivamente excluída na oposición convocada por Resolución de Alcaldía de data 07/06/2021, que rexe o procedemento do proceso selectivo de socorristas acuáticos en espazos naturais, á seguinte persoa polos seguintes motivos de exclusión:

Nº	NOME	DNI	MOTIVO
1	RUBEN V*	53487639N	Contido certificado médico

Cuarto.- Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidenta: Lidia Sueiro López, traballadora social do Concello de Boiro

Suplente Presidenta : Vanesa García García, traballadora social do Concello de Boiro

Secretaria: María Mariño Poza, técnica de RRHH do Concello de Boiro.

Suplente Secretaria: M^a José González Saavedra, administrativa do Concello de Boiro

Vogal 1: Martín Blanco Buceta, administrativo do Concello de Boiro.

Suplente Vogal 1: Miguel Feijoo Piñeiro, administrativo do Concello de Boiro.

Vogal 2: Ignacio Javier Pérez Hermo, coordinador xeral de obras e servizos municipais do Concello de Boiro.

Suplente Vogal 2: Pablo Núñez Hermo, peón especialista de Servizo de emerxencias municipal

Vogal 3: Samuel Rodríguez Lado, axente TIC do Concello de Boiro

Suplente Vogal 3: Benigno Piñeiro Sobrido, adxunto a secretaría do Concello de Boiro.

Quinto.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a lista definitiva de persoas admitidas e convocar a tódalas persoas aspirantes para o vindeiro venres 02/07/2021 ás 08:30 horas no Salón de Plenos do Concello de Boiro para a realización de tódolos exercicios da oposición.

Sexto.- Notificar a presente resolución ós membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

SEVERINO ABALO CHOUZA. SECRETARIO ACCIDENTAL





Concello de Boiro

